


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE VILANOVA DE AROUSA.

Vilanova de Arousa, 3 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



E doutra parte, **Gonzalo Durán Hermida**, actuando en nome e representación do Concello de Vilanova de Arousa (CIF P3606100J), en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL), o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.



O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VI. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Vilanova de Arousa, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de Vilanova de Arousa.

VII. Tal e como se pon de manifesto no informe do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde, o centro de saúde de Vilanova de Arousa require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo.



VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma no centro de saúde de Vilanova de Arousa, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilanova de Arousa para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Vilanova de Arousa, propiedade do concello.

Segundo se detalla no informe aportado polo Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos, as obras de reforma comprenderán:

- 
- Cambio do ascensor.
 - Cambio do acumulador de calor.
 - Cambio da porta de entrada.
 - Selado da porta de urxencias.
 - Colocación do rótulo de Centro de Saúde .
 - Reparación de portas interiores.
 - Reparación dos azulexos soltos na zona de vestiarios.
 - Tapiado de xanela entre a consulta de pediatría e o almacén.
 - Reparación de pintura no teito.

Segunda. *Obrigas das partes*

1. O Concello de Vilanova de Arousa, como titular do centro de saúde, asume as seguintes obrigas:

- Supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.
- Contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



2. Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.

Terceira. Orzamento das actuacións

O orzamento das obras de reforma no centro de saúde de Vilanova de Arousa, segundo se desprende do informe ascende a 40.832,66 €.

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá na parte que execute as obras.

Cuarta. Financiamento das actuacións

O Concello de Vilanova de Arousa e o Servizo Galego de Saúde cofinanciarán as obras a realizar, quedando o reparto como a continuación se indica:



Achegas máximas	
Concello	20.416,33 €
Servizo Galego de Saúde	20.416,33 €

Tanto o Servizo Galego de Saúde como o Concello de Vilanova de Arousa comprométense a consignar o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que asumen.

Quinta. Procedemento de pago

O Servizo Galego de Saúde efectuará as súas achegas con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

As achegas serán efectuadas do seguinte xeito:

1ª fase. Un 50% da achega total do Servizo Galego de Saúde se entregará ao Concello cando presente a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pagamento.
- Contrato asinado co contratista para o inicio das obras.



2ª fase. O restante 50% da achega do Servizo Galego de Saúde será abonado cando o Concello presente a seguinte documentación xustificativa, acreditativa do cumprimento do convenio:

- Certificacións de obra co Vº e Prace do Concello.
- Escrito de solicitude de pagamento con número de conta bancaria.
- Factura emitida polo empresario que acometera os traballos descritos na cláusula primeira.

No caso de que o gasto xustificado polo concello non acadase o orzamento total previsto na cláusula terceira, o Servizo Galego de Saúde so achegará o importe que represente o 50% da cantidade efectivamente xustificada.

Sexta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

Sétima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

1. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
2. O mutuo acordo entre as partes.

Oitava. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Novena. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste convenio.

Décima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2020.

Undécima. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



Jesús Vázquez Almuiña

POLO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA



Gonzalo Durán Hermida